

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE RIBADEO PARA SUBSTITUCIÓN DE CARPINTERÍAS PARA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou co Concello de Ribadeo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Ribadeo para a substitución de carpinterías para a mellora da eficiencia enerxética na Escola Municipal de Música.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundamentase no seguinte:



Primeiro.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en harmonía co artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten as atribucións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.

Segundo.- As administracións das comunidades autónomas poden celebrar convenios de colaboración coas corporacións locais ou con outros entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

Terceiro.- Que segundo o artigo 193 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia adecuarán a súa actuación aos principios de colaboración, cooperación e auxilio que puidesen precisar coxunturalmente para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A colaboración entenderase como o deber de todas as administracións públicas de ponderar e respectar, nas súas respectivas actuacións, a totalidade dos intereses públicos implicados, así como, no traballo en común para a solución daqueles problemas que puidesen exporse máis alá do concreto reparto competencial.

Cuarto.- Que a Escola Municipal de Música de Ribadeo é un centro de ensino musical que depende da delegación de Ensino do Concello de Ribadeo.

Nace no outono de 1993 en base a unha orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 11 de marzo dese mesmo ano que se publica no Diario Oficial de Galicia do 22 de abril. Nela adáptase a Galicia a normativa sobre escolas de música recollida na LOXSE que outorga aos centros deste tipo unha serie de características que os afastan dos conservatorios tradicionais. Alén de lugar de aprendizaxe musical, as escolas de música teñen como obxectivo ser motor cultural e social do entorno no que se asentán.



Quinto.- Que a sinatura deste convenio responde á necesidade exposta polo Concello de Ribadeo, debido ao mal estado en que se atopan as carpinterías exteriores da Escola Municipal de Música de Ribadeo por ser estas moi antigas, xa que debido ao paso do tempo provocan filtracións importantes de aire dende o exterior, e como consecuencia disto a considerable perda da calefacción das diferentes aulas que compoñen o inmovible.

Con este proxecto preténdese reducir o consumo enerxético provocado pola perda de calefacción, conseguindo unha mellora da eficiencia enerxética do edificio.

Sexto.- A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades considera de interese público a participación e apoio nas accións obxecto deste convenio para acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, dado o interese común das partes asinantes.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A falta de recursos dun pequeno concello para poder acometer as devanditas actuacións, nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable por imperativo legal para as entidades que integran a Administración local, configuran un contexto do que se derivan, entre outras consecuencias, a imposibilidade para o concello de afrontar en solitario os compromisos económicos que supoñen estas actuación.

Trátase polo tanto dunha actuación solicitada polo concello de Ribadeo, ante a imposibilidade de levala a cabo, e atendendo ao deber de colaboración das administracións públicas establecido como se indicou na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, está xustificada a concesión dunha subvención directa.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia, manifestada polo concello, e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese



público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Ribadeo.

Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención, xa que o concello é a única entidade que pode levar a cabo o obxecto deste convenio.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

